

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DA MEZQUITA

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE ENTRADAS DO SERVIZO PÚBLICO DA PISCINA MUNICIPAL

Modificación da Ordenanza da piscina municipal

Acordo do Pleno do Concello da Mezquita polo que se aproba definitivamente a Ordenanza de entradas do servizo público da piscina municipal.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional desta entidade sobre imposición e ordenación da entrada á piscina municipal, así como a ordenanza fiscal reguladora dela, cuxo texto íntegro se fai público para cumprir co artigo 17.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 7. Cota tributaria

A contía das tarifas establécese de acordo coa seguinte táboa:

Nenos e nenas ata 6 anos, gratuíta, acompañados por maior de idade, que terá a condición de usuario para os efectos de aboamento do prezo público.

Bono maiores de 14 anos tempada, empadroados 30 €.

Bono maiores de 14 anos tempada, non empadroados 40 €.

Bono nenos e nenas de 6 a 14 anos tempada, empadroados 15 €.

Bono nenos e nenas de 6 a 14 anos tempada, non empadroados 20 €.

Entrada maiores de 14 anos empadroados día 2,5 €.

Entrada maiores de 14 anos non empadroados día 3 €.

Entrada nenos e nenas de 6 a 14 anos 1 €.

Contra o presente acordo, conforme co artigo 19 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor o recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza con sede na Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

A Mezquita, 13 de decembro de 2024. O alcalde.

Asdo.: Rafael Pérez Vázquez.

R. 3.604

